para a declaración como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, do Castro de Baroña. Resolución que determina a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección previsto para os bens xa declarados na Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia e, en concreto, a suspensión das correspondentes licencias municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas pola declaración, así como dos efectos das xa outorgadas. Así mesmo, as obras que, por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, tivesen que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, de autorización dos organismos competentes da Consellería de Cultura e Turismo.

Con estas actuacións da Xunta de Galicia queda garantida a correcta protección e conservación do Castro de Baroña, na que deben colaborar de xeito coordinado as distintas administracións públicas implicadas. Neste sentido, o desenvolvemento a curto prazo doutras actuacións contempladas no Plan Especial -e os mecanismos máis axeitados para desenvolverlas- deberán ser en todo caso avaliados pola Administración Local e pola Administración Xeral do Estado, propietaria do ben.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **59746**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“a xustificación do Goberno galego dos motivos polos que non dispón unha partida orzamentaria destinada á execución do Plan especial de protección do Castro de Baroña, no concello de Porto do Son”**, (publicada no BOPG nº 416, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, lonxe de desentenderse da protección do patrimonio arqueolóxico galego, promoveu só nos dous primeiros anos da actual lexislatura duascenas setenta intervencións en xacementos espallados por todo o noso territorio.

No tocante ao Castro de Baroña, ben senlleiro do noso patrimonio, o Goberno galego está a traballar tamén arreo na procura da súa mellor protección e conservación. Así, no ano 2010 -despois de catorce anos sen actuacións arqueolóxicas no seu ámbito- a Xunta de Galicia encargou a realización do estudo de ‘Levantamento topográfico, documentación e estado actual do Castro de Baroña’, autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Os resultados deste estudo destacan o carácter de conservación estable da maior parte das estruturas, consolidadas nas campañas da década dos anos



oitenta (1980-1985) e noventa (1994-1996), indicándose tan só seis zonas puntuais de impacto crítico, que afectan sobre todo a estruturas que non foron obxecto de consolidación nesas campañas e que se sitúan na zona de máis tránsito, na entrada ao xacemento.

Nelas, tal e como se ten anunciado por parte da Xunta de Galicia, realizaranse actuacións de mantemento e conservación neste mesmo ano, segundo as necesidades de conservación detectadas no devandito estudo.

Con estas actuacións cúmprese de xeito taxativo as determinacións contidas no Plan Especial que, en relación á área de protección do Castro de Baroña (apartado 3.b.1), contempla que será obxecto dun Plan Director e que, namentres non se redacte o mesmo, as únicas obras autorizables serán aquelas que teñan un carácter 'urxente' en razón do mantemento e conservación do xacemento.

Así as cousas, a pesar de que o castro é de titularidade estatal –o que implica que, con independencia das actuacións da Xunta de Galicia, o primeiro deber e obriga de conservalo corresponde legalmente ao seu propietario- e a pesar de que o actual contexto de contención do gasto público autonómico obriga a priorizar actuacións -tamén no ámbito patrimonial-, a inversión prevista pola Consellería de Cultura e Turismo nos anos 2011 e 2012 para o desenvolvemento desta tarefa de posta en valor no Castro de Baroña e no seu entorno protexido é de dúas anualidades de sesenta mil euros, dándose deste xeito continuidade lóxica a acción iniciada co estudo de 'Levantamento topográfico, documentación e estado actual do Castro de Baroña'.

Así mesmo, cómpre indicar que, cumprindo co compromiso adquirido pola actual Xunta de Galicia coa protección deste ben, o Diario Oficial de Galicia ven de publicar a resolución da Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para a declaración como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, do Castro de Baroña. Resolución que determina a aplicación



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

inmediata e provisional do réxime de protección previsto para os bens xa declarados na Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia e, en concreto, a suspensión das correspondentes licencias municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas pola declaración, así como dos efectos das xa outorgadas. Así mesmo, as obras que, por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, tivesen que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, de autorización dos organismos competentes da Consellería de Cultura e Turismo.

Con estas actuacións da Xunta de Galicia queda garantida a correcta protección e conservación do Castro de Baroña, na que deben colaborar de xeito coordinado as distintas administracións públicas implicadas. Neste sentido, o desenvolvemento a curto prazo doutras actuacións contempladas no Plan Especial -e os mecanismos máis axeitados para desenvolvesas- deberán ser en todo caso avaliados pola Administración Local e pola Administración Xeral do Estado, propietaria do ben.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- nº **59768**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **"as medidas previstas para a corrección da toponimia deturpada na sinalización viaria no concello de Cotobade pola súa forma oficial e propia"**, (publicada no BOPG nº 416, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa está relacionada coa que xa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 56436, pendente de publicación no BOPG, e a 60539, neste caso publicada no BOPG número 451, de data 14/04/2011; ás que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **59918**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“a actuación do Goberno galego en materia de protección e conservación do patrimonio cultural e, nomeadamente, no referido ao castro de Baroña, no concello de Porto do Son”**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, lonxe de desentenderse da protección do patrimonio arqueolóxico galego, promoveu só nos dous primeiros anos da actual lexislatura duascenas setenta intervencións en xacementos espallados por todo o noso territorio.

No tocante ao Castro de Baroña, ben senlleiro do noso patrimonio, o Goberno galego está a traballar tamén arreo na procura da súa mellor protección e conservación. Así, no ano 2010 -despois de catorce anos sen actuacións arqueolóxicas no seu ámbito- a Xunta de Galicia encargou a realización do estudo de ‘Levantamento topográfico, documentación e estado actual do Castro de Baroña’, autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Os resultados deste estudo destacan o carácter de conservación estable da maior parte das estruturas, consolidadas nas campañas da década dos anos



oitenta (1980-1985) e noventa (1994-1996), indicándose tan só seis zonas puntuais de impacto crítico, que afectan sobre todo a estruturas que non foron obxecto de consolidación nesas campañas e que se sitúan na zona de máis tránsito, na entrada ao xacemento.

Nelas, tal e como se ten anunciado por parte da Xunta de Galicia, realizaranse actuacións de mantemento e conservación neste mesmo ano, segundo as necesidades de conservación detectadas no devandito estudo.

Con estas actuacións cúmprese de xeito taxativo as determinacións contidas no Plan Especial que, en relación á área de protección do Castro de Baroña (apartado 3.b.1), contempla que será obxecto dun Plan Director e que, namentres non se redacte o mesmo, as únicas obras autorizables serán aquelas que teñan un carácter 'urxente' en razón do mantemento e conservación do xacemento.

Así as cousas, a pesar de que o castro é de titularidade estatal -o que implica que, con independencia das actuacións da Xunta de Galicia, o primeiro deber e obriga de conservalo corresponde legalmente ao seu propietario- e a pesar de que o actual contexto de contención do gasto público autonómico obriga a priorizar actuacións -tamén no ámbito patrimonial-, a inversión prevista pola Consellería de Cultura e Turismo nos anos 2011 e 2012 para o desenvolvemento desta tarefa de posta en valor no Castro de Baroña e no seu entorno protexido é de dúas anualidades de sesenta mil euros, dándose deste xeito continuidade lóxica a acción iniciada co estudo de 'Levantamento topográfico, documentación e estado actual do Castro de Baroña'.

Así mesmo, cómpre indicar que, cumprindo co compromiso adquirido pola actual Xunta de Galicia coa protección deste ben, o Diario Oficial de Galicia ven de publicar a resolución da Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para a declaración como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, do Castro de Baroña. Resolución que determina a aplicación



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

inmediata e provisional do réxime de protección previsto para os bens xa declarados na Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia e, en concreto, a suspensión das correspondentes licencias municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas pola declaración, así como dos efectos das xa outorgadas. Así mesmo, as obras que, por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, tivesen que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, de autorización dos organismos competentes da Consellería de Cultura e Turismo.

Con estas actuacións da Xunta de Galicia queda garantida a correcta protección e conservación do Castro de Baroña, na que deben colaborar de xeito coordinado as distintas administracións públicas implicadas. Neste sentido, o desenvolvemento a curto prazo doutras actuacións contempladas no Plan Especial -e os mecanismos máis axeitados para desenvolveselas- deberán ser en todo caso avaliados pola Administración Local e pola Administración Xeral do Estado, propietaria do ben."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- nº **60214**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a exclusión da lingua galega nas campañas institucionais da Xunta de Galicia"**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 60213 e publicada no BOPG número 471, de data 16/05/2011; á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



[Signature]
Santiago Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- nº **60990**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"o coñecemento pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos niveis de gas radon existentes nos centros de ensino públicos, os avisos recibidos de situacións de incumprimento dos niveis establecidos pola OMS, a actuación levada a cabo e as medidas previstas ao respecto"**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con número 58998 e 60989 e publicada no BOPG número 446, de data 07/04/2011; ás que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 3ª- nº **60496**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Fernando Xabier Blanco Álvarez, sobre **“a opción que está a impulsar o Goberno galego para o futuro de Novacaixagalicia e sobre a situación económica desta”**, (publicada no BOPG nº 421, do 2 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O abrupto cambio normativo sufrido polas entidades financeiras españolas a comezos do ano 2011 sitúaaas en desvantaxe comparativa co resto de entidades do noso entorno.

Igualmente realiza unha discriminación en función da natureza xurídica das entidades, planteándose realmente como un xeito de eliminar a centenaria figura das caixas de aforros.

Neste contexto Novacaixagalicia está executando un plan de recapitalización para adaptarse ás novas esixencias normativas do Estado, contemplando a súa transformación en sociedade mercantil , unha evolución orgánica que maximice os seus recursos propios e unha posterior ampliación de capital que dea entrada a un accionariado mixto.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Este sistema permitiu que superaran de xeito satisfactorio os test de estrés de xullo de 2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **61054**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“o programa 'Vive en galego', da Secretaría Xeral de Política Lingüística”**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 61047 e publicada no BOPG número 471, de data 16/05/2011; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 4ª- nº **61109**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as razóns da denegación da homologación do curso de 'Normalización lingüística. Historia e socioloxía da educación', de formación do profesorado, organizado pola CIG-Ensino"**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 61110 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 26-27/04/2011; á que nos remitimos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

1 SET. 2011

69144

RS/jr



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 61122**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"Sobre o proceso de precarización e desmantelamento dos efectivos do Servizo de Vixilancia Alfandegueira en Galicia"**, (publicada no BOPG nº 427, do 10 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

"As cuestións que se conteñen nesta iniciativa tiveron cumprida resposta no transcurso do debate da pregunta con número de rexistro 61124, incorporada á orde do día da Comisión 8ª - Pesca e Marisqueo - celebrada o 26 de maio de 2011. Remitímonos al alí exposto."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

RS/jr

1 SET. 2011

Núm.

69463

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 61753**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“as medidas previstas para garantir o exercicio do dereito ao voto dos empregados públicos da Consellería de Sanidade nas eleccións sindicais do 14 de marzo de 2011”**, (publicada no BOPG nº 431, do 16 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Con data do 21 de febreiro, ás 11 horas, de conformidade co preaviso electoral, procedeuse á constitución das mesas electorais.

Ese mesmo día a mesa electoral coordinadora, de acordo coa proposta das organizacións sindicais, aprobou o calendario electoral e ordenouse a exposición do censo electoral do 22 de febreiro ao 2 de marzo de 2011. Este prazo de exposición ten por obxecto o presentar reclamacións por calquera con interese lexítimo en elo (electores, organizacións sindicais, administración) para solventar todos os erros e as omisións que se poidan producir nos datos contados ou non no mesmo.



Con data 3 de marzo de 2011, ás 10 horas, tivo lugar unha reunión da mesa electoral coordinadora, coa presenza de Administracións e OO.SS, sendo o obxecto da xuntanza:

- Analizar e resolver as reclamacións presentadas contra o censo (2 reclamacións para a inclusión no censo da Consellería de Sanidade, unha para a mesa de Fontiñas, outra de emenda de erro na data de nacemento e a reclamación de 4 funcionarios da Academia de Seguridade da Estrada). Foron todas estimadas, agás a da Academia.
- Elevarse a definitivo o censo.
- Proceder a determinar o número de representantes a elixir nas eleccións: 27 membros.

O día 4 de marzo a organización sindical CIG, presentou (chegou a última hora de venres 4) reclamación para incluír un listado de persoas da Consellería de Sanidade que non estaban incluídos no censo exposto e que xa tiña sido elevado a definitivo sen a inclusión desas persoas.

O día 7 de marzo (luns) as 14 horas, tivo lugar a xuntanza da mesa electoral coordinadora, que resolveu inadmitir dita reclamación por extemporánea.

A mesa está composta por empregados públicos que segundo determinados criterios obxectivos establecidos na normativa electoral lles corresponde de xeito irrenunciábel, é dicir a mesa non é a administración e as súas tomas de decisións son autónomas e independentes da mesma. Pois ben, os integrantes da mesa, unha vez ouvidos os representantes da administración e os representantes da CIG, CCOO, UGT e CSI-F, decidiron, dado que tiña pasado o prazo de reclamacións e ademáis se tiña xa elevado a definitivo o censo electoral non estimar o escrito presentado pola CIG por extemporáneo, dado que admitilo podía supor unha posible reclamación



posterior que poida por en perigo todo o proceso electoral no que están inmersos.

Posteriormente foise a un Laudo Arbitral, e acordouse por todas as partes implicadas permitir aos funcionarios da Consellería de Sanidade/Sergas poder exercer o seu dereito ao voto sempre que presentasen certificado da súa unidade de persoal expresiva da súa cualidade de Funcionario Público da dita Consellería ou Organismo Autónomo, co que así se garante o dereito de todos os empregados públicos, non obstante, o que o laudo non permite e que algún dos omitidos no censo se poida presentar como candidato por algunha organización sindical.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **61909**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a deturpación toponímica que se está a producir na comarca do Eo-Navia e o papel do Goberno galego na defensa do idioma galego nela”**, (publicada no BOPG nº 431, do 16 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito ás preguntas con número 61908 e 63951 e publicadas nos BOPG número 471 e 478, de datas 16 e 26 de maio de 2011; ás que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **61994**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Alfredo Suárez Canal, sobre **“a oferta de prazas públicas para o ensino primario e secundario para o ano 2011”**, (publicada no BOPG nº 436, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á iniciativa con número 61992 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 14-15/06/2011; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **62082**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“a posta en valor e conservación dos restos do vello estaleiro existente na Cabana, na ría de Ferrol”**, (publicada no BOPG nº 436, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, ten identificado e analizado o elemento en varios aspectos. Da ficha que sobre o ben consta nos arquivos da Dirección Xeral despréndese que o inmovible é de titularidade municipal, ocupa unha área máis ou menos rectangular de 13.500 m² e está formado por unha grande chaira de terra, probablemente construída como un recheo artificial, sobre o que se levantan na actualidade distintos edificios, algún deles probablemente relacionado co uso orixinal, e outros máis recentes con outros usos posteriores. Hoxe en día os que se atopan en uso utilízanse como sede de dous clubs deportivos de remo. Entre os elementos orixinais conservados destaca sobre todo o ‘dique seco de carenar’ e xunto a el consérvanse a rampla ou grada de construción, os peiraos, e a zona de obradoiros e almacéns (en ruínas ou transformados).

Recóllese así mesmo que foi construído no século XIX, a partir de 1810, e que representou un complemento senlleiro da actividade dos arsenais militares da Ría de Ferrol (Ferrol e A Graña), construíndose ou reparándose



durante o século XIX nese vello estaleiro da Cabana fragatas, corbetas, goletas e bergantíns, non estando polo de agora o ben non incluído no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

A Xunta de Galicia considera que este ben posúe valores que o fan merecedor da súa conservación e protección, sendo esta cuestión analizada en profundidade con motivo dun escrito do concello de Ferrol, do 17 de abril do 2008, dirixido á Consellería de Cultura e Deportes no que solicitaba a declaración como Ben de Interese Cultural do que denominan como 'Arsenal Civil da Cabana'. Achegábase con ese escrito un documento redactado polo CIEFAL (Centro internacional de estudos de fortificación e apoio loxístico de ICOMOS - España), que entre outro contido recolle unha descrición do ben e unha axeitada defensa dos seus valores culturais.

O servizo de arquitectura e etnografía, mediante escrito de 3 de febreiro de 2009, informa favorablemente esa solicitude, sobre a base de que o devandito ben posúe valores propios suficientes (históricos, artísticos, etnográficos, arqueolóxicos e científico-técnicos) para ser recoñecido como un ben de interese relevante para a permanencia da identidade da cultura galega a través do tempo. Destaca en particular, o seu carácter sobranceiro, por ser o único arsenal deste tipo existente en Galicia e probablemente un dos poucos que se conservan no mundo que basearan o seu funcionamento no baleirado e enchido natural das mareas. E menciona expresamente tamén a súa relación co resto dos bens inmoables que configuran o sistema portuario e de control da ría de Ferrol, no que destacan elementos xa declarados BIC como o Arsenal Militar de Ferrol, o sistema de fortificacións da ría, o ferrolá barrio da Madalena, e outros incluídos no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, como o núcleo urbano tradicional da Graña e o peirao da Cabana. Por todo o cal, o informe conclúe coa proposta de declaración do inmoable e predio como BIC, coa categoría de monumento, unha vez que se realice a oportuna delimitación do perímetro do ben e do seu contorno de protección.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Sobre esta base, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ten intención -en canto teña á súa disposición os informes técnicos pertinentes coa proposta de delimitación do monumento e o seu entorno de protección- de proceder á incoación do expediente de declaración do devandito ben como ben de interese cultural de Galicia, para o cal solicitará os correspondentes informes a tres dos órganos consultivos da Consellería en materias culturais.

Cómpre sinalar así mesmo que no pasado ano 2010 a Consellería de Cultura e Turismo asinou un convenio plurianual coa Fundación Ferrol Metrópoli (para o desenvolvemento do proxecto `preparación da candidatura de Ferrol da ilustración na lista de patrimonio mundial da UNESCO) mediante o cal, entre outras cousas, se obterá a planimetría dese lugar de A Cabana, o que permitirá determinar os perímetros de protección de cara a completar o informe técnico do servizo de arquitectura, que se trasladará a subdirección xeral de Protección do Patrimonio Cultural xunto co resto da documentación aportada polo concello no seu día, para a tramitación do procedemento de declaración do ben como BIC.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/jr



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 62202**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e de varios/as deputados/as máis, sobre **"a información do Goberno galego respecto das actuais condicións de seguridade para o consumo da auga dos depósitos da traída do concello de Tui, as medidas adoptadas unha vez coñecidas a súa contaminación por trihalometanos e o contido da comunicación remitida pola Consellería de Sanidade o 23 de febreiro de 2011 aos concellos afectados"**, (publicada no BOPG nº 436, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"Dende o día 11 de marzo, realízanse periodicamente analíticas de mostras de auga de distintos puntos dos dous abastecementos comprobando que os niveis de concentración de trihalometanos (THMs) seguen por debaixo do límite esixido na lexislación vixente.



Unha vez que a xestora do concello de Tomiño remitiu á xefatura territorial de Sanidade en Pontevedra a comunicación por fax do incumprimento da calidade da auga de consumo humano, os Farmacéuticos Inspectores de Saúde Pública (FISP) da zona de Vigo realizan a inspección do abastecemento de Tomiño e comprobamos que segundo as análises da xestora, os niveis de THMs están elevados aínda que están aplicando as medidas correctoras adecuadas. Tómanse mostras de auga en distintos puntos da rede para enviar a determinar os THMs no Laboratorio de Saúde Pública (LSP) de Lugo. Na mesma mañá os FISP realizan a inspección no abastecemento de Tui e recollen mostras no depósito e distintos puntos da rede para determinar o nivel de THMs no LSP de Lugo. Á espera dos resultados das analíticas das mostras recollidas o día anterior, os FISP acoden aos dous abastecementos comprobando que se está realizando a limpeza e demais medidas correctoras.

Á vista dos resultados das análises nos que se detectan niveis de THMs superiores ao límite paramétrico permitido no Anexo I do RD 140/2003 na auga de consumo humano de diferentes puntos da rede e depósitos dos abastecementos de Tui e Tomiño, se lles envía dende a xefatura territorial vía fax aos concellos a recomendación da "restricción do uso da auga de consumo como auga de bebida", mentres non se reduza o nivel de THMs a valores por debaixo dos límites paramétricos esixidos na lexislación, para evitar riscos potenciais para a saúde da poboación".

A partir da restricción permanécese en contacto cos abastecementos e realízase un seguimento exhaustivo por parte dos FISP das medidas correctoras aplicadas nos concellos e as correspondentes recollida de mostras para controlar os niveis de THMs.

O Departamento territorial de Sanidade en Pontevedra, os días 3 e 11 de marzo comunican ao concello de Tui e Tomiño respectivamente o levantamento da restricción do consumo da auga."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **62350**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a discriminación lingüística que practican numerosas empresas de telefonía”**, (publicada no BOPG nº 436, do 23 de febreiro de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 62349 e publicada no BOPG número 474 , de data 20/05/2011; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Puente García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv

En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **62459**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“os obxectivos da convocatoria de axudas para o ano 2011 para a realización de actividades de formación en linguas estranxeiras destinadas ao alumnado dos centros docentes sostidos con fondos públicos, a valoración das repercusións para as familias do incremento das achegas económicas que deberán realizar, así como a materialización da publicidade ao respecto”**, (publicada no BOPG nº 441, do 30 de marzo de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 62458 e publicada no BOPG número 478 , de data 26/05/2011; á que nos remitimos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de xullo de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



SB/mv



En relación coa pregunta con resposta oral –a tramitar pola Comisión 4ª- nº **62801**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **“as razóns da non distribución durante o Xacobeo 2010 dos trescentos mil folletos coa biografía de dez autores, editados pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en colaboración coa Xunta de Galicia, co fin de achegar a cultura galega ás persoas que facían o Camiño”**, (publicada no BOPG nº 445, do 6 de abril de 2011), convertida en **pregunta con resposta escrita** por finalización do período de sesións Febreiro-Xuño de 2011 (BOPG núms. 509 a 511, de xullo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“O contrato referido, formalizado entre a S.A de Xestión do Plan Xacobeo, daquela dirixida por D. Ignacio Rodríguez Eguibar, e Promocións Culturais Galegas S.A. foi cumprido na súa totalidade por parte da actual xerencia do Xacobeo, xa que no mesmo non figuraba mención algunha a que fose esta entidade a que tivese que realizar a distribución dos devanditos folletos nos albergues da rede pública existente na nosa comunidade.

Ante este extremo, a S.A de Xestión do Plan Xacobeo púxose en contacto coa Asociación de Escritores en Lingua Galega, a través do seu presidente, coa finalidade de propoñer que a propia asociación distribuise este material do xeito que considerase máis axeitado, de forma que se cumprira o obxectivo para o que fora creado e non se desperdiciase. Sen impedimento



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

algún por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega, procedeuse a facer a entrega destes exemplares o día 19 de xullo do ano 2010, existindo constancia por escrito da devandita entrega.

Por outra banda, indicar que a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo elaborou, co gallo da celebración do pasado Ano Santo, dez folletos promocionais adicados a cada un dos Camiños de Santiago, así como un libro promocional do Xacobeo 2010, co obxectivo final de promocionar as diferentes rutas xacobeas e o propio Xacobeo 2010. Este material foi distribuído non só nos albergues do Camiño, senón tamén en todos os centros galegos, en oficinas de turismo, embaixadas, e outros lugares.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2011

